



M^a Carmen Alfonso Leiro, Ricardo Nogueira Rey e M^a Carmen Nogueira Moure , membros do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilanova de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente presentan para o seu debate e posterior aprobación se procede, a seguinte

MOCIÓN :

A crecente sensibilización respecto da necesidade de xestionar os terreos forestais pode constituír unha emerxente oportunidade de emprego, para a cal se precisan profesionais formados.

Dende o noso grupo municipal estamos a ver como este mesmo ano se teñen realizados hasta dous cursos case simultáneos relacionados ca xardinería no centro da Casa de Cultura do Esteiro, o cal nos parece loable pero excesivamente centrados os esforzos no núcleo urbano deixando de lado as necesidades do entorno rural.

A necesidade de nova oferta formativa nos cursos de formación do plan FIP (Formación e Inserción Profesional) era recoñecida por vostedes mesmos na súa revista desta campaña electoral de maio, así coma a necesidade de darlle funcionamento á nave multiusos municipal do polígono de Tremeoedo.

O grupo municipal do BNG, NO CUMPRIMENTO DA SUA OBRIGA DE DEFENDER OS INTERESES DOS VECIÑOS, toma a iniciativa e presenta diante do pleno da corporación de Vilanova de Arousa as seguintes propostas de acordo :

- 1- Que o concello de Vilanova de Arousa solicite na convocatoria inmediata de cursos do plan FIP o curso de traballador forestal e outros que poidan propoñer sectores con demanda de emprego (horticultura, fruticultura, construción, asistencia a persoas dependentes, comercio,..etc)
- 2- Posta en funcionamento dun centro homologado de formación profesional ocupacional e continua na nave multiusos municipal do polígono industrial de Tremeoedo.

Vilanova de Arousa a 7de novembro do 2007

Asdo. M^a Carmen Alfonso Leiro Ricardo Nogueira Rey M^a Carmen Nogueira Moure

SR. ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA